

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 14 de marzo de 2007 pola que se declara de interese galego a Fundación Innovapyme Galicia e se ordena a súa inscrición no Rexistro de Fundacións, sección da Consellería de Innovación e Industria.*

Con data do 2 de febreiro de 2007 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 24 a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 23 de xaneiro de 2007, pola que se clasifica como de interese industrial a *Fundación Innovapyme Galicia*, adscribíndose á Consellería de Innovación e Industria, que terá que exercer o protectorado plenamente sobre ela.

De acordo co establecido no artigo 5 dos seus estatutos, o obxecto e finalidade da fundación consiste, en xeral, en promover e contribuír eficazmente á investigación científica, así como ao desenvolvemento tecnolóxico e á innovación en todas as súas manifestacións no ámbito da Comunidade Autónoma galega. O campo de actividades da fundación abranguerá o fomento, a difusión, coordinación, promoción de cantas actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxicas sexan de interese para as pequenas e medianas empresas da industria en xeral, a construción e os servizos.

Por todo isto, e en virtude das competencias que me confire o artigo 34.12º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, (modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro), reguladora da Xunta e do seu presidente, e segundo o establecido nos artigos 5 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e 32.3º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego,

### DISPOÑO:

Artigo único.

1.-Declarar de interese galego a *Fundación Innovapyme Galicia* ao cumprir os seus estatutos as prescricións que, para tal efecto, sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

2.-Ordenar a inscrición da *Fundación Innovapyme Galicia*, no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Innovación e Industria, para os efectos constitutivos que sinala a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

### Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2007.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Corrección de erros.-Orde do 1 de marzo de 2007 pola que se convocan axudas económicas para a realización de formación práctica en empresas destinadas a alumnos/as de patrón costeiro polivalente e ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica en centros dependentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.*

Advertido erro na citada Orde do 1 de marzo de 2007, publicada no DOG nº 52, do mércores, 14 de marzo de 2007, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 3.997, no anexo I, na sétima cuadrícula, onde di: «Quen abaixo asina declara que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo», debe dicir: «Quen abaixo asina declara que presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos».

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Resolución do 12 de marzo de 2007, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se lle dá publicidade aos beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 3 de agosto de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2006 axudas para a prevención de ataques do lobo ao gando.*

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 78.8º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no artigo 12 da Orde do 3 de agosto de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2006 axudas para a prevención de ataques do lobo ao gando, procédese pola presente á publicación do extracto das axudas outorgadas pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible ao abeiro da Orde do 3 de agosto de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2006 axudas para a prevención de ataques do lobo ao gando.

Deste xeito, cómpre sinalar, polo que atinxe ás axudas concedidas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o seguinte:

a) Norma reguladora da convocatoria: Orde do 3 de agosto de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para 2006 axudas para a prevención de ataques do lobo ao gando.

b) Aplicación orzamentaria: 15.02.342.A.770.1

c) Crédito orzamentario: 100.000 €.

d) Destinatarios: gandeiros con explotacións de animais domésticos das especies ovina, vacúa, caprie equina da nosa comunidade autónoma.

e) Beneficiarios, importe das axudas, finalidade das axudas e puntuación acadada polos expedientes que se sinalan no anexo.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2007.

Xosé Benito Reza Rodríguez  
Director xeral de Conservación da Natureza